

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

ACTA

En Arzúa, 29 de setembro de 2015.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2015.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que

formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 13 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González, expuxose o seguinte:
- Que a formación da conta xeral é un acto obrigatorio para as entidades locais, de conformidade co establecido no artigo 208 do Texto refundido da Lei*

Reguladora das Fardendas Locais (TRLFL), o cal establece que “ao remate do exercicio económico as entidades locais formarán a conta xeral, que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario”.

- Que o contido, estrutura e elaboración do presente expediente da conta xeral axustouse ao establecido na Orde EHA/4041/2004, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.

- Que a conta xeral foi confeccionada pola Intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 212 do TRLRFL, e contén a seguinte documentación:

- a) Balance.*
- b) Conta do resultado económico-patrimonial.*
- c) Estado de liquidación do orzamento.*
- d) Memoria.*

E a esta documentación únense:

- a) Actas de arqueo das existencia en caixa referidas a fin de exercicio.*
- b) Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes, referidos a fin de exercicio e agrupado por nome ou razón social da entidade bancaria.*

- Que, despois do ditame que emita esta Comisión de Contas, o procedemento a seguir será a exposición pública durante quince días hábiles, para que dentro dese prazo e oito máis os interesados presenten as reclamacións que estimen oportunas, debendo ser sometida ao Pleno para que poida ser aprobada, antes do día 1 de outubro; despois remitirase antes do día 15 de outubro aos órganos de control externo.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

** Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para expresar que, ao non formar parte da Coporación Local no último ano, non ten capacidade para analizar a conta xeral do exercicio 2014, aínda que non ten dúbida de que se fixera segundo o disposto na Lei.*

** Do Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para expresar que, como quere comentar este asunto cos demais concelleiros do grupo político do Partido Popular, van a esperar a que haxa a sesión do Pleno para pronunciarse.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión especial de Contas someteu a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose –por catro votos a favor (de AxA), coas abstencións dos dous concelleiros do Partido Popular e do concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes- o pronunciamento de informar favorablemente a conta xeral do exercicio 2014.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT), para expoñer que se ratifica no que dixo na sesión da Comisión especial de Contas, porque -como non estivo na xestión*

que realizou a anterior Corporación Local- descoñece como se realizou esa xestión; polo que, ao non ter elementos para votar a favor ou en contra, vaise abster.

* Da Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expoñer que vai votar a favor da aprobación da conta xeral, porque ese foi o voto que emitiu o pasado ano con motivo da aprobación da conta xeral do ano anterior.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para expoñer que ao non estudar totalmente este asunto dada a súa amplitude, o grupo político do Partido Popular vaise abster.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA), para expresar que non ten nada que engadir con respecto ao indicado na Comisión especial de Contas.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE), coa abastención dos cinco concelleiros retantes (4 do PP e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio económico 2014.

Segundo.- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 nº 5 do Real Decreto Lexislativo de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Punto 3º) SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO EN DEZ ANOS DA DEVOLUCIÓN DO SALDO DEUDOR DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de setembro de 2015; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión:

- Que os puntos que se debaten nesta comisión incluíranse tamén no pleno extraordinario que se celebre o día 29 de setembro, para a aprobación da conta xeral do exercicio 2014.

- Que, segundo unha notificación recibida do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o Concello de Arzúa, segundo a liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013, ten un saldo debedor a favor da Administración do Estado de 61.265,08 euros.

- Que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 establece un prazo máximo de devolución de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25% da entrega mensual; pero segundo a Disposición Adicional Décima do Real

Decreto 17/2014, do 26 de decembro, existe a posibilidade de solicitar que, o reintegro dos saldos debedores da participación nos tributos do Estado, se poida fraccionar nun período de dez anos mediante cotas mensuais.

- Que o Concello cumpre cos requisitos para ser aplicado este réxime excepcional, como é o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria a 31 de decembro de 2015, do período medio de pago inferior a trinta días e do límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Que a solicitude -por parte do Concello- deberá ser aprobada polo Pleno e remitida por medios telemáticos, con anterioridade ao día 1 de novembro de 2015.

-Que para o Concello resulta mellor aplicar a excepción porque non é o mesmo desembolsar 61.265,08 en tres anos que en dez anos.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) que lle parece factible, pero que vai consultar este tema cos seus compañeiros de partido e que se pronunciará no Pleno.

Pregunta o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) ¿cómo se contabilizan estes importes, si como débeda ou como atrasos?

Contesta a interventora que se contabilizan como débeda coa Administración Pública, libre de intereses, comisións e sen gastos de ningún tipo; ao igual que se contabilizou como débeda o que se está devolvendo da liquidación da participación nos tributos do Estado do ano 2008-2009, que tamén saíu negativa.

Pregunta a Sra. Quintela Pedreira (do PP) ¿se esa débeda do ano 2008-2009 esta liquidada?

Contesta a interventora que a débeda do ano 2008 rematarase de liquidar a 31 de decembro deste ano e a do 2009 rematará o 31 de decembro de 2016.

Tras o exposto a Presidenta desta Comisión, someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 CxG-CCTT e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a solicitude de fraccionamento en dez anos, da devolución do saldo debedor derivado da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado, correspondente ao exercicio 2013.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para expoñer que esta solicitude é unha forma solapada de aumento do tempo da débeda, e a súa postura vai a ser a de votar en contra do fraccionamento, porque non se debate esta cuestión con motivo da aprobación do orzamento municipal.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expoñer que vai votar a favor, porque pensa que é moito máis viable para o Concello de Arzúa pagar unha débeda de forma fraccionada nun período de dez anos.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para expoñer que ao grupo político do Partido Popular parécelle ben ese fraccionamento en dez anos, porque non carga tanto ao Concello e se poderá maniobrar mellor o orzamento municipal.

* Do Sr. alcalde, para expresar que non é o mesmo pagar o saldo deudor de 61.000 euros, a favor da Administración do Estado, en dez anos que en tres anos, porque iso permite ao Concello ter unha marxe de manobra maior; polo que considera que é unha boa idea reintegrar de forma fraccionada en dez anos ese saldo deudor.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a solicitude de reintegro en dez anos do saldo deudor, derivado da liquidación definitiva resultante da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2013.

Adoptándose –por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE) e un en contra do concelleiro Sr. García Couso, de CxG-CCTT- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a referida solicitude de fraccionamento en dez anos.

Segundo.- Remitir dita solicitude, cunha certificación deste acordo, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por medios telemáticos e con sinatura electrónica, con anterioridade ao 1 de novembro de 2015, conforme se indica na Disposición Adicional 10ª do Real Decreto 17/2014, de 26 de decembro, de Medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais.

Punto 4º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de setembro de 2015; no seguinte sentido:

“Informa a presidenta:

-Que se presentou unha solicitude de bonificación do 50% da cota do ICIO de data 13 de marzo de 2015, a nome de María del Sol Couso Maneiro, con DNI número 33287248-S, actuando en representación de GANADERÍA COUSO VILLANTIME S.C, con enderezo no lugar de Vilasuso, na parroquia de Villantime, para a cal se lle concedera licenza municipal polo Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 13 de abril de 2015, para a legalización de edificación existente, xunto coas obras de mellora de explotación de gando vacún, mediante a ampliación de establo e construción de fosa de xurro, cuxa liquidación foi aprobada na mesma sesión.

- Que, segundo na ordenanza fiscal reguladora do ICIO, establécese unha bonificación do 50% na cota do imposto cando se trate de construcións, instalacións

ou obras promovidas por agricultores ou gandeiros para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

Continúa informando a presidenta:

- Que tamén se presentou outra solicitude de bonificación de data 20 de xaneiro de 2015, a nome de José Antonio Villar Lamas, con DNI nº 33289991-K, actuando en representación da Sociedade Mercantil TECNOLOGIA MODULAR VLC, S.L, con CIF B-70407986, con enderezo no polígono industrial de Arzúa, parcela número 19, para a construción dunha nave industrial destinada á prefabricación de vivendas modulares no polígono industrial de Arzúa.

-Que, segundo na ordenanza fiscal reguladora do ICIO, establécese unha bonificación do 50% na cota do imposto cando se trate de construcións, instalacións ou obras promovidas por empresarios que foran a emprazarse no polígono industrial de Arzúa, como é o caso.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) que está de acordo con esas bonificacións.

Manifesta o Sr. García Couso (do CxG-CCTT) que, xa que a ordenanza contempla as bonificacións para estes dous supostos, esta de acordo coa súa concesión.

Pola presidenta da Comisión de Contas someteuse esta asunto a votación ordinaria;

Adoptándose por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do P.P, 1 de CxG-CCTT e 1 de PSdeG-PSOE) o acordo de informar favorablemente a concesión das dúas bonificacións solicitadas e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Constando –nas actuacións realizadas- o informe emitido pola interventora municipal, con data 31 de agosto de 2015; de cuxo informe dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que “*ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración*”.

B) Que dita ordenanza establece no seu artigo 7, apartado I “Bonificacións”, subapartados **c)** e **d)**, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, cando se trate:

c) De construcións, instalacións e obras promovidas por empresarios, que foran a emprazarse no polígono industrial de Arzúa, e

d) De construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores e gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola e gandeira.

Non realizándose ningunha manifestación en contrario por parte dos membros desta Corporación Local asistentes a esta sesión.

E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras*:

1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

I) As obras de legalización de edificación existente, xunto coas obras de mellora de explotación de gando vacún, mediante a ampliación de establo e construción de fosa de xurro; para as que foi concedida licenza municipal de obras a GANADERIA COUSO VILLANTIME, S.C., pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 13 de abril de 2015, e

II) As obras de construción de nave industrial destinada a prefabricación de vivendas modulares, a empregar sobre a parcela 8-A da segunda fase do parque empresarial; para as que foi concedida licenza municipal de obras a TECNOLOGÍA MODULAR VLC, S.L., pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 6 de maio de 2015.

En cuxas sesións se aprobaron tamén as liquidacións practicadas polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas, cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados **I)** e **II)** do acordo anterior.

Terceiro.- Notificar este acordo aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 5º) DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 281 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, POLO QUE SE APROBOU O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dáse conta do referido informe, emitido pola interventora municipal, con data 8 de setembro de 2015, en relación coas resolucións adoptadas pola Alcaldía, contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal no ano 2014, así como as principais anomalías en materia de ingresos.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión ás 20.35 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á vindeira sesión. Do que dou fe.